



I ENCONTRO LUSO-GALAICO DE EDUCACIÓN SOCIAL

14 e 15 marzo 2015
Verbum - Av. de Samil
Vigo

“A educación
social máis
alá e máis
acá da raia”
...

**Libro
de
actas**

www.elgeducacionsocial.org



Título

Libro de Actas do I Encontro Luso-Galaico da Educación Social.
A Educación Social máis alá e máis acá da raia.

Compilación

Alberto Fernández de Sanmamed | Antón Bouzas Álvarez | Daniel Alves Rivera |
Eva Moldes Casal | Fátima Barros Correia | Sílvia Azevedo | Sofía Riveiro Olveira |
Teresa Barros

Cuberta

Carla Monteiro

ISBN: 978-84-608-1315-6

DL: C 225-2015

Maqueta

Carlos Sánchez-Valverde Visus

Edición

CEESG | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia
R/ Lisboa, 20, Baixo C, 15707 Santiago
www.ceesg.org | ceesg@ceesg.org

APTSES | Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social
R/ Dr. Roberto Frias, 602, Gabinete de Educação Social, 4200-465 Porto
www.aptses.pt | geral@aptses.pt

Data

Outubro 2015

NOTA EDITORIAL

As opinións e contidos das comunicacións publicadas no Libro de Actas do I Encontro Luso-Galaico da Educación Social son responsabilidade exclusiva das autoras e autores.

Na edición respectáronse os sistemas de notación e referenciación, así como o idioma, nos que cada autor/a presentou a súa colaboración.

LIBRO DE ACTAS

I ENCONTRO LUSO-GALAICO DA EDUCACIÓN SOCIAL

***“A EDUCACIÓN SOCIAL ,
MÁIS ALÁ E MÁIS ACÁ DA RAIA...”***

14 e 15 de marzo de 2015

Sumario

INTRODUCCIÓN

Sofía Riveiro Oliveira, *Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG)* 4

Sílvia Azevedo, *Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social (APTSES)* 5

PROGRAMA DO I ENCONTRO LUSO-GALAICO DA EDUCACIÓN SOCIAL, Vigo, 14 e 15 de marzo de 2015 8

SESIÓN DE APERTURA

Convenio de colaboración entre Aptses e Sips 10

Mensaxe do profesor Xabier Úcar 10

RESUMEN 11

ECLOSÃO DA EDUCAÇÃO SOCIAL EM PORTUGAL

Sílvia Azevedo, *Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social* 13

MESA DIALOGADA Realidade Profesional: Ámbitos e funcións no ámbito Luso-Galaico. Fortalezas e debilidades da profesión 19

VISITAS, RECURSOS E EXPERIENCIAS SOCIO-EDUCATIVA

Asociación Faraxa 20

Centro de Inserción Social “Carmen Avendaño” 22

C.I.S. de Vigo 22

Fundación Igual Arte 24

Doral Residencia 26

O PRESENTE E O FUTURO ENTRE O LUSO E O GALAICO: REPTOS DA PROFISÃO

Xosé Manuel Cid, *Universidade de Vigo* 28

SER EDUCADOR SOCIAL DOS DOIS LADOS DA FRONTEIRA

Jose Luis A. Gonçalves, *Escola Superior de Educação de Paula Frassinetti* 33

A IMPORTANCIA DA ÉTICA PROFESIONAL NA FORMACIÓN DE AXENTES DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

Diana de Vallescar, *Universidade Portucalense Porto* 40

LA IMPORTANCIA DE LA ÉTICA PROFESIONAL EN LA FORMACIÓN DE AGENTES DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

Carlos Sánchez-Valverde, *Educador Social* 50

RECOMPILACIÓN DE CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS

Xosé Manuel Cid, *Universidade de Vigo* 60

María Dolores Candedo, *Universidade da Coruña* 60

José Luis Gonçalves, *Universidade do Porto* 60

Ana Iglesias, *Universidade da Coruña* 61

PÓSTERS DE EXPERIENCIAS

Ángela L. De Valenzuela 63

Fátima Correia 64

Fátima Correia 65

Priscila Maximino 66

INFORME DE VALORACIÓN DO I ENCONTRO LUSO-GALAICO DA EDUCACIÓN SOCIAL 67

PECHE DO I ENCONTRO LUSO-GALAICO DA EDUCACIÓN SOCIAL

Alberto Fernández de Sanmamed, *Comité de Organización* 69

INTRODUCCIÓN

Sofía Riveiro Olveira, *Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG)*

“Nin as divisións nin as fronteiras nin as delimitacións, sexan políticas, territoriais ou virtuais, van impedir que traballemos xuntas-os por aquilo que non só nos constitúe senón que tamén nos une: o social”. Así nos saudaba o profesor Xavier Úcar, catedrático de pedagogía social na Universitat Autònoma de Barcelona, aproveitando o encontro para a sinatura dun convenio de colaboración entre a Sociedad Iberoamericana de Pedagogía Social (Sips) e a Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social (Aptses). Convenio que o Consello Xeral de Colexios Profesionais de Educación Social do Estado (Cgcees) xa ten asinado.

Pois este ánimo de unión, case de fusión, que nos convida Úcar é o que pretendemos acadar os días 14 e 15 de marzo de 2015, en Vigo, co deseño e desenvolvemento do *“I Encontro Lusogalaico de Educación Social. Máis alá e máis acá da raia”*. Estas páxinas que seguen dan conta do que alí aconteceu, e puidemos comprobar non só a situación actual da nosa profesión de educación social a nivel actual en ambos países, senón tamén viaxar na historia do tempo e dos espazos para coñecer distintas realidades e pensamentos arredor do que nos une: a educación social.

O encontro contemplou tanto momentos expositivos como tamén de reflexión, debate e incluso visitas a experiencias, que nos serviron para comprobar onde nos situamos laboralmente e onde consideramos que deberíamos estar, ocupar postos de traballo que nos corresponden polas súas funcións e a finalidade socioeducativa da entidade ou o programa. Aquelas persoas que o desexaron puideron enviarnos pósters para expoñer durante o día e medio que durou o encontro as súas investigacións, tendo posibilidade, incluso, de comentar coas autoras de todos os pósters calquera cuestión relacionada cos temas abordados, pois tamén foron partícipes do encontro.

Foi unha valiosa oportunidade onde se reuniron figuras da educación social dun e outro lado da raia, para falar de identidades, de ámbitos e funcións, de fortalezas e debilidades, de retos e propostas, de ética profesional; de temas candentes e latentes arredor da educación social. Sobre todo, o que puidemos comprobar é a ansia e a necesidade que temos de demostrar e expresar a educación social como un dereito da cidadanía. *“O dereito a ter dereitos”* como nos diría o profesor J. A. Caride.

Ao longo destas páxinas poderán impregnarse do desafío que tamén nos brindaba o profesor Jose Luis Gonçalves de reinventarnos profesionalmente ampliando o radio de intervención, centrándonos na calidade de “especialistas da condición humana” por vía da construción de proxectos que favorezan unha inclusión social activa. Será no II Encontro onde poderemos constatar que o que aquí se dixo e se fixo tivo o seu sentido e cáles foron as súas consecuencias.

Por agora, queden estas actas como testemuña dun outro paso a prol da profesión. E un agradecemento sincero e infinito ás persoas que formaron parte das comisións, ao Ceesg e a Aptses, e a todas as persoas que fixeron posible que hoxe poidamos estar lendo estas liñas.



De esquerda a dereita: José Luis A. Gonçalves, Ana Raquel Noronha, Silvia Lapa Oliveira Azevedo, Joao Paulo Delgado, Dolores Candedo Gunturiz, Xosé Manuel Cid Fernández.

Sílvia Azevedo, Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social (APTSES)

Em nome da Comissão Organizadora e em meu nome pessoal queria agradecer a vossa presença neste Encontro e o inestimável contributo que deram para a sua realização.

Decidiu a Comissão Organizadora deste congresso convidar-me para proferir a comunicação dos trabalhos que aqui iniciamos. Trata-se de uma tarefa que, embora me honre e gratifique, não é de todo fácil. Para alguém que, como eu, está profissional e mesmo militantemente envolvida no campo da Educação

Social, seja como Educadora Social, Professora ou Presidente da APTSES, não é, com efeito, fácil escapar à tentação, eventualmente justa, de enaltecer a imprescindibilidade desta profissão.

Permitam-me que comece por uma saudação ao Comité Organizador, refiro-me claro ao Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (CEESG) e a toda a equipa da Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social de Portugal (APTSES), que foram incansáveis para que este I Encontro Luso-Galaico de Educação Social se concretizasse.

Quero agradecer, os altos auspícios da Comissão de Especialistas presentes: Ana Iglesias Galdo | Profesora da Universidade da Coruña, Colexiada de honra do CEESG; Ana Raquel de Noronha | Profesora da Escola Superior de Educação de Fafe; María Dolores Candedo Gunturiz | Profesora da Universidade da Coruña, Colexiada de honra do CEESG; João Paulo Delgado | Profesor da Escola Superior de Educação do Porto; Silvia Azevedo | Profesora da Escola Superior de Educação de Fafe e Universidade Portucalense | Sócia honoraria da APTSES; Xosé Manuel Cid | Profesor da Universidade de Vigo, Colexiado de honra do CEESG

Gostaria também de agradecer, em particular, a todas as instituições colaboradoras (Visitas, Recursos e Experiências Socioeducativas) e às empresas que apoiaram e patrocinaram a realização deste I Encontro Luso-Galaico de Educação Social.

Aproveitar para também agradecer aos nossos convidados que partilharam connosco a identidade, âmbitos e funções da profissão, a importância da ética e os reptos da educação social em ambos os países, fortalecendo deste modo a afirmação da identidade do Educador Social, não só em Espanha e Portugal, mas no resto do mundo:

José Antonio Caride Gómez | Catedrático de Pedagogía Social da Universidade de Santiago de Compostela; Sofia Riveiro Oliveira | Presidenta do CEESG; Xavier Puig Santularia | Presidente do Consello Xeral de Colexios de Educación Social do Estado Español; José Luís Gonçalves | Profesor Escola Superior de Educação de Paula Frassinetti; Diana de Vallescar | Profesora da Universidade Portucalense Infante D. Henrique – Porto; Carlos Sánchez-Valverde Visus | Educador Social, Coordenador da Revista RES e Profesor da Universidade de Barcelona

Agradecer ainda aos presentes, que neste encontro nos conheceram melhor.

Sob o tema, este evento reuniu diferentes experiências e perspetivas que nos façam melhorar a prática profissional e consolidar os laços de relacionamento

entre a Galiza e Portugal, constituindo-nos como uma plataforma de reivindicações conjuntas e de ações propositivas visando a melhoria da profissão. É importante a realização deste trabalho em consórcio com ambas as associações profissionais, para refletirmos sobre o cotidiano nos diferentes cenários políticos, de formação social expondo áreas do trabalho e debatendo desafios. Temos de nos dar a conhecer e conhecermos a situação atual das duas realidades em torno da educação social, através de experiências presenciais e virtuais. O nosso intuito hoje é ser um facilitador de comunicação de experiências, entre entidades, mas também entre profissionais. Considerámos importante criar redes de formação e comunicação entre estudantes e profissionais para a criação de experiências e projetos conjuntos. Assim, este Encontro constitui uma oportunidade para o lançamento e discussão pública da profissão, nas mais variadas vertentes, em particular nas eventuais estratégias de prevenção dos novos riscos emergentes, derivados das grandes mudanças estruturais que têm vindo a acontecer no âmbito do trabalho da educação social.

A Educação Social surge, em Portugal, devido sobretudo à exigência dos sistemas de proteção social. Enquanto profissão, a Educação Social realiza-se no âmbito das ciências da educação, enquadrada pela Pedagogia Social.

A Educação Social desenvolve-se pela diversidade de categorias profissionais e de perfis de competências e áreas disciplinares, conforme os países onde se apresenta. A sua identidade profissional evencia-se no compromisso educativo do seu trabalho social, que domina ações socioeducativas e não meramente assistencialistas, centrando-se no desenvolvimento e capacitação seus educandos. O exercício profissional da Educação Social pelo mundo requer dos profissionais uma formação rigorosa, contínua, reciclada e ajustada à partilha de novos saberes e posturas dos diversos países, para se adaptar a novos desafios e realidades.

Proponho assim que todos os participantes neste Encontro, sejam eles oradores, moderadores ou assistentes, possam contribuir, de alguma forma, para o debate livre e consciente do que é hoje e pretende ser amanhã a Educação Social. Estamos seriamente convictos de que as vossas contribuições serão imprescindíveis para o êxito deste evento, bem como a vossa presença e participação nas distintas atividades do Encontro.

Esperamos que deste evento resultem propostas viáveis, conducentes à melhoria do trabalho socioeducativo entre as realidades sociais dos dois países.

Termino a minha intervenção desejando a todos, em nome da Comissão Organizadora, o maior proveito deste Encontro. Muito obrigado.

PROGRAMA DO I ENCONTRO LUSO-GALAICO DA EDUCACIÓN SOCIAL

Vigo, 14 e 15 de marzo de 2015

Sábado – 14 de Marzo de 2015

11:00 Recepción e distribución de material

11:30 Sesión de apertura

Sofía Riveiro | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Silvia Azevedo | Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social

12:15 Sinatura de Convenio de colaboración entre Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social e Sociedad Iberoamericana de Pedagogía Social

12:30 Conversa de Apertura

A Educación Social como Profesión: vellas e novas identidades dun quefacer en construción

José Antonio Caride | Catedrático de Pedagogía Social da Universidade de Santiago de Compostela

Moderador: **Alberto Fernández de Sanmamed** | Presidente de Honra do CGCEES

14:00 Xantar

16:30 Mesa Dialogada

Realidade Profesional: ámbitos e funcións no ámbito Luso-Galaico. Fortalezas e debilidades da profesión

Sofía Riveiro | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

Silvia Azevedo | Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social

Xavier Puig | Consello xeral de Colexios de Educación Social do Estado Español.

María José Calderón | Oficina Europea AIEJI

Moderador: **Joao Paulo Delgado** | Coordinador Licenciatura en educación Social na Escola Superior de Educação do Instituto Politécnico do Porto

18:00 Visitas, Recursos e Experiencias Socio-Educativas

Asociación Faraxa; Centro de Inserción Social; Fundación Igualarte; Doral Residencia

21:00 Compartindo Xantares, Conversas e Músicas

Domingo – 15 de Marzo de 2015

9:30 Conferencia

O presente e o futuro entre o Luso e o Galaico: Retos da profesión

Xosé Manuel Cid | Universidade de Vigo

María Dolores Candedo | Universidade da Coruña

José Luis Gonçalves | Escola Superior de Educação Paula Frassinetti

Moderadora: Ana Raquel Noronha | Instituto de Estudos Superiores de Fafe

11: 30 Conversa de Clausura

A importancia da ética profesional na formación de axentes de transformación social

Diana de Vallescar | Universidade Portucalense Infante D. Henrique - Porto

Carlos Sánchez | Educador Social e profesor da Universidade de Barcelona

Moderadora: Fátima Correia | APTSES

13:15 Recompilación de conclusións e propostas

COMITÉ DE ORGANIZACIÓN

Alberto Fernández de Sanmamed, Antón Bouzas Álvarez, Daniel Alves Rivera, Eva Moldes Casal, Fátima Correia, Sofía Riveiro Oliveira, Teresa Barros

COMITÉ CIENTÍFICO

Ana Iglesias Galdo, Ana Raquel de Noronha, M^a Joao Paulo Delgado, Dolores Candedo Gunturiz, Silvia Lapa Oliveira Azevedo, Xosé Manuel Cid Fernández

SESIÓN DE APERTURA

Este encontro da comezo coa benvinda ás persoas asistentes por parte das representantes das dúas entidades organizadoras do evento, Sofía Riveiro (Ceesg) e Silvia Azevedo (Aptses).

Convenio de colaboración entre Aptses e Sips

O discurso de benvinda da paso á sinatura do convenio de colaboración entre a Sociedad Iberoamericana de Pedagogía Social (Sips) e a Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social (Aptses). Ante a imposibilidade de asistencia por parte do profesor Xabier Úcar presidente da Sociedad Iberoamericana de Pedagogía Social (SIPS), o profesor José Antonio Caride como ex-presidente da SIPS procede a asinar o convenio tras realizar unha lectura pública da mensaxe enviada polo profesor Úcar:

Mensaxe do profesor Xabier Úcar

Queridos y queridas asistentes al I Encontro Luso-Galaico da Educación Social:

En mi nombre y en el de la Sociedad que presido, el profesor Caride va a proceder a la firma de un convenio de colaboración con la Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social (APTSES) de Portugal. Este convenio, al igual que el que hemos firmado en España con el Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales (CGEES), se inscribe en la política de nuestra Sociedad científica de vincular, de manera orgánica, la teoría y la práctica, la academia y la profesión, la pedagogía social y la educación social.

Los retos que plantea la profunda crisis que viven las personas y las comunidades de este inicio de milenio nos impele, tanto a los profesionales como a los académicos, a trabajar juntos y de manera integrada para acompañar y ayudar a aquellas personas y comunidades, en sus esfuerzos diarios por conseguir vivir unas vidas dignas.

Me parece que el título de este I Encontro: A educación social mais alá e mais acá da raia, describe muy bien desde mi punto de vista la ambición, el deseo y la esperanza que nos guía a los académicos y a los prácticos de la Pedagogía Social y la Educación social. Ni las divisiones ni las fronteras ni las delimitaciones, sean políticas, territoriales o virtuales, van a impedir que trabajemos juntos por aquello que no sólo nos constituye sino que también nos une: lo social.

Espero que disfrutéis de este evento científico y profesional y que os aporte nuevos enfoques y nuevas herramientas para seguir trabajando cada vez mejor en el apasionante mundo de la Educación Social.

Xabier Úcar
Universitat Autònoma de Barcelona



Debate e público durante a celebración do Encontro

RESUMEN

Tras a lectura da mensaxe do profesor Úcar e a sintura do convenio entre SIPS e APTSES arranca a sesión do sábado pola mañá coa **Conversa de Apertura A Educación Social como Profesión: vellas e novas identidades dun quefacer en construción** por parte do profesor **José Antonio Caride** (Universidade de Santiago de Compostela)

Ler o pasado en clave de futuro. Esta é, en síntese, a liña argumental na que se insire cronoloxicamente a mirada que propomos arredor da Educación Social como un quefacer pedagóxico e social de amplos percorridos epistemolóxicos, académicos e profesionais. Cada un deles, e todos no común, dándolle sentido a unha práctica educativa que se reivindica alternativa nos seus modos de dialogar coa sociedade e con outras prácticas sociais (culturais, políticas, comunitarias, institucionais, etc.):

- a) Nos primeiros, tratando de restaurar o equilibrio entre a racionalidade e a indagación científica, a Educación Social fai décadas que ven sustentado a procura dun coñecemento aberto a múltiples saberes e metodoloxías, entre a investigación crítica-reflexiva e a acción-intervención socioeducativa transformadora.
- b) No plano académico, a Educación Social ten alentado a proxección deses saberes en procesos formativos –dentro e fóra das

Universidades– que garantan a competencia intelectual e curricular (teórica, conceptual, tecnolóxica, práctica, ética, etc.) das ensinanzas e aprendizaxes que habilitan as disciplinas que conflúen nos seus planos de estudos, entre a especialización e a polivalencia.

- c) Nos terceiros, a Educación Social reivindica a súa singularidade como unha profesión educativa e social *diferenciada*, que sae ao encontro das necesidades individuais e colectivas das persoas ao longo da súa vida, desde a infancia ata a vellez, poñendo especial énfase na condición cidadán dos suxeitos e nos valores que a amparan nas sociedades democráticas de dereito, sexa como logro, esixencia ou reto.

Nestas coordenadas sustentamos o noso discurso, apelando á Educación Social como unha profesión en continua construción, no complicado desafío que supón acomodar a súa razón de ser ás de quen –por oficio, vocación e formación– optamos por comprometernos con ela, dun ou doutro xeito.

Coa conversa do profesor Caride, finaliza a sesión de mañá e tras unha pausa para o xantar, abre a sesión de tarde a **Mesa Dialogada Realidade Profesional: ámbitos e funcións no ámbito Luso-Galaico. Fortalezas e debilidades da profesión**



Mesa de peche con Mónica Serrano, Silvia Azevedo, Ana Noronha, Xosé Manuel Cid, Dolores Gunturiz e Eva Moldes.

ECLOSÃO DA EDUCAÇÃO SOCIAL EM PORTUGAL

Silvia Azevedo, *Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social*

Em Portugal, vários foram os factores que determinaram a eclosão da educação social enquanto profissão.

Com a industrialização ocorreu um conjunto de mudanças sociais, dando uma **nova dimensão ao trabalho**: o trabalho estável passa a ser associado a uma inserção “sólida” na sociedade, ao passo que a instabilidade do trabalho, ao gerar precaridade laboral, repercute-se na vulnerabilidade social e, consequentemente, exclusão social.

A **complexidade crescente das sociedades** e a **instabilidade social**, por seu turno, tiveram influências no aumento dos sectores mais desfavorecidos da sociedade, isto é, traduziu-se num aumento da marginalização e agudização dos fenómenos de exclusão social. Além disso, a industrialização teve, ainda, influência, na **democratização das sociedades**.

Tudo isto implicou uma **maior responsabilidade por parte dos Estados** face aos novos problemas sociais: existia a necessidade de ocultar as consequências da miséria e assegurar a ordem pública.

É neste contexto de **maior consciência da responsabilidade face aos novos problemas sociais** que surgem novas formas de organização social, a **emergência de novas políticas sociais**, novos movimentos sociais. Em suma, novas formas de Estado. É, assim, que se assiste à **emergência do Estado de Bem Estar**, isto é, um conjunto de actuações políticas que garantam ao cidadão o acesso a um número mínimo de serviços que lhe permita a sobrevivência (não só em termos biológicos mas sobretudo sociais).

A eclosão da Educação Social surgiu, então, da evolução destes Estados de Bem-Estar e a **exigência dos sistemas de proteção social** e posterior **falência dos processos assistenciais e de intervenção tradicionais**: o trabalho social tinha de ser mais do que o encaminhar cidadãos para estruturas assistencialistas; tornava-se necessário privilegiar a autonomia humana, romper com o assistencialismo, o emergencialismo e a caridade e dar lugar ao empowerment, à emancipação do sujeito e da solidariedade.

Tudo isto ocorreu num cenário de progressiva **valorização dos Direitos Humanos**. Este fator foi, aliás, decisivo para a eclosão da Educação Social,

porque com a consciência da Declaração Universal dos Direitos do Homem (ONU, 1948) trouxe, também, o interesse para os ideais humanitários de igualdade e justiça social e igualdade de oportunidades. Foi com base nos direitos humanos que foram surgindo novas políticas sociais e a educação social tornou-se um factor decisivo para que a igualdade de oportunidades fosse menos uma construção teórica e mais uma realidade.

Por fim, um outro factor decisivo para a emergência da educação social diz respeito à **mudança do conceito de educação**: a educação deixa de ser um património exclusivo da escola e passa a aproximar-se da dimensão social, passando a ter novas funções: passa-se a conceber a educação como função permanente, que abrange até os sectores mais marginalizados e problemáticos. Além da educação formal (do sistema educativo) passa-se a considerar a educação não formal e a informal.

A educação social em Portugal surgiu com a necessidade de romper com um paradigma assistencialista e redutor das necessidades sociais, surgindo a ideia de que é preciso educar para uma vida com sentido de participação e responsabilidade, apostando em novas políticas educativas de desenvolvimento humano. A educação social em Portugal desenvolveu-se com base na matriz teórica da Pedagogia Social.

Reconhecimento profissional da educação social:

A Educação Social é uma profissão relativamente recente, em Portugal e ainda em processo de profissionalização e afirmação da sua identidade profissional. Os educadores sociais portugueses encontram, ainda, muitas dificuldades e inserção profissional e interventiva, não pela falta de territórios interventivos ou de competências profissionais, mas sim pela desordem/confusão de competências de áreas profissionais similares (assistentes sociais, sociólogos, animadores sociais, ...), mas também pela própria evolução da profissão.

Evolução da Profissão: um dos problemas da educação social em Portugal passou pela existência de vários tipos de formação de educadores sociais, com diferentes objectivos, graus de formação e níveis de atuação. Os primeiros educadores sociais eram técnico-profissionais, mais tarde surgiram os primeiros bacharéis e só depois os primeiros licenciados.

- Técnico-profissionais – surge na década de 70/80. Os educadores sociais acompanhavam crianças e adolescentes, muitas vezes com incapacidades físicas, psíquicas e problemas de comportamento social. O seu trabalho resumia-se ao trabalho de monitor e dinamizador de actividades lúdicas, não tinham

qualquer tipo de formação para a decisão e acompanhamento de casos.

- Bacharéis – surge na década de 80/90. O educador social executava funções técnicas, participava na educação de crianças e adolescentes, assim como adultos assegurando a organização da vida quotidiana, em ligação com outros profissionais, desenvolvendo competências a nível da animação e actividades recreativas.
- Licenciados – A primeira licenciatura foi aprovada em 1996. O educador social tem formação superior. Atua perante indivíduos, grupos ou comunidades, crianças, jovens, adultos ou idosos numa perspectiva de prevenção e reabilitação dos problemas sociais. Realiza apoio educativo, pedagógico, social, formativo a estes indivíduos no sentido de desenvolver competências sociais, profissionais e de melhoria das suas condições de vida.

A coexistência destas três categorias profissionais marca, de certo modo, a evolução da Educação Social em Portugal, uma vez que, num relativo curto espaço de tempo, a educação social deixa de estar associada a uma perspectiva técnica e passa a ser associada a uma perspectiva de intervenção psico-social e pedagógica.

Inicialmente, a educação social em Portugal tinha como finalidade desenvolver actividades recreativas, mas com o passar do tempo salientou-se a importância de alargar o âmbito de atuação às ciências sociais e de educação, tornando os educadores sociais em profissionais de intervenção social.

Assistiu-se a partir daqui, à produção de conhecimento em diversos domínios da intervenção social, a uma preparação mais aprofundada e integrada de futuros profissionais nas diferentes dimensões científico-metodológica, técnica, pessoal e social, os estágios curriculares geraram inúmeras oportunidades de os educadores sociais disseminarem novos campos de atuação bem como permitiram possibilidade de articular teoria e prática, nomeadamente no desenho e o desenvolvimento de projetos de Educação Social concebidos localmente, que os profissionais com formação superior passam a estar habilitados.

Por outro lado, apenas com o Tratado de Bolonha passa a existir uma certa uniformização dos cursos, uma vez que até então, a educação social, enquanto licenciatura, era marcada pela diversidade de caminhos formativos. Isto associado à confusão de papéis profissionais dificultam a inserção laboral e o reconhecimento profissional dos educadores sociais.

Similitudes com outras áreas – Os educadores sociais atuam em contextos sociais com funções educativas. A aproximação ao trabalho social gera, na verdade, dificuldades na afirmação da identidade dos educadores sociais: por um lado, os educadores sociais são trabalhadores sociais, na medida em que têm como referência o mesmo território de intervenção e partilham características com outros profissionais sociais, como a proximidade aos contextos de trabalho e aos destinatários; por outro lado, o trabalho social desenvolvido pelos educadores sociais é concebido a partir de uma perspetiva educativa e pedagógica, aproximando-se aqui de outros profissionais.

A identidade profissional dos educadores sociais constrói-se, assim, num movimento de aproximação e demarcação com outros profissionais. Por este motivo, torna-se urgente esclarecer que o papel do educador social é fundamentalmente pedagógico, fundamentado por um conhecimento teórico-prático e por princípios éticos e deontológicos.

A pedagogia social é, para os educadores sociais portugueses, mais do que uma simples estratégia de intervenção ou disciplina, pois é ela que permite ao educador social atuar pedagogicamente, dando-lhe modelos de conhecimento, metodologias e técnicas que permitem aos educadores sociais promoverem as condições de educabilidade de todas as pessoas, em particular das mais vulneráveis.

Enquanto técnico da relação, o educador social desenvolve o seu perfil profissional a partir de uma intenção pedagógica e de respeito pelo outro, pela sua personalidade, tentando desenvolver com ele uma atitude reflexiva da sua condição e do seu próprio desenvolvimento. A educação social só faz sentido se acreditarmos na evolução do “outro”, enquanto mentor do seu próprio crescimento pessoal e social. É este compromisso educativo que dá uma nova dimensão ao trabalho social e confere especificidade ao trabalho do educador social, distinguindo-o de outros profissionais da área social.

As suas intervenções socioeducativas caracterizam-se pela aproximação aos indivíduos e seus contextos. Mais do que trabalhar para, trata-se de trabalhar com as pessoas, numa lógica de co-responsabilização e de co-autoria. O educador social reconhece as capacidades dos sujeitos, fortalece-as e estimula a participação destes nos seus projetos de vida.

A participação é, aliás, o eixo central do trabalho do educador social. Por isto, o educador social é mais do que um profissional implicado: ele utiliza essa implicação para conseguir mudanças no outro. Neste sentido, a Pedagogia Social ocupa um lugar privilegiado na construção de instrumentos conceptuais

necessários para compreender e acompanhar as trajetórias de vida dos indivíduos, considerados protagonistas da intervenção.

O saber pedagógico, caracterizado pela estreita relação entre teoria e prática, entre a investigação-ação, permite, ainda, aos educadores sociais serem profissionais reflexivos. A Pedagogia Social é, na verdade, uma ciência teórica-prática: o conhecimento teórico torna possível uma prática educativa fundamentada e a prática torna possível um conjunto de reflexões que permitem a atualização da teoria.

O reconhecimento profissional dos educadores sociais portugueses sofre de uma certa vulnerabilidade face a outros técnicos cuja profissão está já consolidada e aceite no universo da acção social.

APTSES: A Associação dos Profissionais Técnicos Superiores de Educação Social é instituição profissional, fundada em 2008, mas o seu trabalho começou em 2001. Surgiu com os primeiros licenciados em Educação Social que quando chegaram ao mercado de trabalho deparam-se com a atribuição de tarefas de meros executores de actividades lúdicas quando a formação académica os preparou para intervir pedagogicamente e psico-socialmente.

Assim, começaram as primeiras lutas de afirmação profissional, no sentido de colmatar as dificuldades sentidas na profissão, nomeadamente, o pouco reconhecimento profissional e a afirmação das verdadeiras competências dos educadores sociais.

Desde então, foram vários investimentos feitos em prol da Educação Social e dos educadores sociais portugueses dinamizados pela APTSES, enquanto organismo associativo representante dos educadores sociais.

- elaboração de um código deontológico;
- negociações junto dos estabelecimentos de ensino para uniformização dos planos de estudo e, assim, uniformização dos perfis profissionais.
- lutas pela existência da categoria profissional de licenciado nas instituições públicas e privadas;
- lutas pela integração dos educadores sociais em programas e projectos até então de exclusividade para os assistentes sociais (exemplo, novas respostas sociais, novas funções, novas responsabilidades);
- reuniões com grupos parlamentares para divulgação da profissão do educador social;

A APTSES assume-me, por isso, como um organismo representante dos educadores sociais portugueses, tendo como objectivos primordiais, zelar pela

dignidade e prestígio da profissão do Educador Social, promover o seu espírito associativo e representar os seus direitos e interesses. Destacamos aqui a tentativa de unificar os educadores sociais, uma vez que a sua capacidade associativa, e conseqüente colectivo profissional coeso, será preponderante para a credibilidade externa desta profissão.

A APTSES tem de acompanhar as evoluções da Educação Social. Sabemos que a realidade social, cada vez mais, exige que o trabalho educativo e social se reconfigure de forma a adaptar-se a novas necessidades. A sociedade actual é marcada pela crise e pelo risco social.

Nos países europeus, e em Portugal concretamente, assiste-se a medidas de austeridade que atacam a promoção do bem-estar com grave impacto no aumento do desemprego, dos trabalhos precários, da exclusão social. Isto vai exigindo para os educadores sociais portugueses e para a APTSES enquanto associação representativa, novos desafios profissionais e novas reflexões. Uma educação social que se pretende transformadora e capaz de provocar a mudança social, tem de ser ela também transformativa e capaz de acompanhar a realidade social.

Em Portugal, a bibliografia nacional na área da educação social é exígua. Uma profissão emergente precisa de reconhecimento público e trazer para a luz pública o que fazem os educadores sociais, qual a sua especificidade, quais as suas práticas e experiências.

Consciente disso, a APTSES tem promovido congressos e encontros nacionais e internacionais e publicou recentemente a Praxis Educare, uma revista com uma tema central em cada edição onde convidamos vários profissionais e teóricos da educação social a contribuir com a submissão de um artigo científico.

Terminamos, contudo, com uma certeza: os educadores sociais são capazes de desbravar um espaço de afirmação profissional no terreno. É no terreno, no quotidiano profissional que podemos acompanhar os processos de reconfiguração da profissão. É nas instituições, nos seus projectos sociopedagógicos que estes profissionais desenvolvem e mostram as suas competências e, assim, reconfiguram as suas práticas de intervenção.

A afirmação dos educadores sociais tem vindo a ser construída, em grande parte, a partir das práticas dos próprios profissionais. Enquanto associação profissional, não podíamos deixar de valorizar o papel dos educadores sociais pelas conquistas conseguidas.

MESA DIALOGADA Realidade Profesional: Ámbitos e funcións no ámbito Luso-Galaico. Fortalezas e debilidades da profesión

O Encontro continuou con un espazo de debate aberto no que participaron, ademais da Presidenta do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia, o Presidente do Consello Xeral do Estado Español, Xavier Puig e a responsable da Oficina Europea da AIEJI María José Calderón. O cal permitiu dar unha visión, non só da situación da profesión en Galicia e Portugal, senón no resto do Estado e en Europa.

O moderador Paulo Delgado deixou enriba da mesa preguntas abertas sobre a evolución da profesión en Galicia e Portugal e o impacto das políticas sociais. Seguidamente, entrouse nunha análise da Identidade profesional e o espazo propio que como profesionais debemos ocupar.

As persoas participantes dialogaron tamén sobre a regulación da profesión e o papel que as Asociacións e Colexios profesionais están xogando de cara a lograr esa regulación. Posteriormente, abordouse o papel que ten a formación inicial e a súa relación coa practica profesional.

O debate rematou cunha valoración sobre a cooperación entre o CEESG e APTSES, así como sobre os principais retos de futuro que temos a nivel do Estado e Europeo como profesionais.

Finalmente, despois das opinións dos participantes na mesa abriuse un interesante coloquio no que participaron varias persoas asistentes que intercambiaron pareceres coas persoas da mesa redonda.



Momento de debate na mesa dialogada. De esquerda a dereita: Sofía Riveiro, Silvia Azevedo, Xavier Puig, Paulo Delgado e M^a José Calderón.

VISITAS, RECURSOS E EXPERIENCIAS SOCIO-EDUCATIVAS

Estas dúas xornadas de traballo estruturáronse en torno a relatorios e mesas dialogadas como se desenvolveu o encontro ata o de agora, mais tamén contempla visitas prácticas a experiencias socioeducativas onde poder coñecer o traballo das/dos profesionais da educación social en varias entidades da cidade de Vigo. Entendemos que esta combinación entre teoría e práctica constitúe o xeito idóneo de aproximarnos á praxe profesional e de coñecer *in situ* o cotiá da Educación Social en diversos ámbitos e con diversos colectivos. Este foi un dos aspectos máis valorados polas persoas asistentes ó encontro. As experiencias seleccionadas para realizar esta práctica socioeducativa foron as seguintes:

Fundación Igualarte: Espazo activo onde se traballa a arte con persoas con capacidades diferentes.

Asociación Faraxa: cobertura a colectivos en risco de exclusión social, e en concreto actúa en dúas liñas prioritarias: as persoas en prostitución e as mulleres inmigrantes.

Centro de Inserción Social de Vigo (CIS VIGO): Establecemento penitenciario de réxime aberto encamiñado a facilitar a inserción social e familiar das persoas privadas de liberdade.

Residencia Doral: Entidade ofrece servizos sociais e sanitarios a persoas con discapacidade física e/ou intelectual e a persoas maiores en modalidade de atención residencial.

As persoas asistentes ó encontro, á hora de formalizar a súa inscrición no mesmo, podían escoller unha destas entidades, previamente anunciadas na páxina web do encontro, para realizar visita socioeducativa, acompañadas por outras/os asistentes e unha persoa responsable do comité de organización. Esta experiencia supón outro encontro dentro do propio encontro, que permitiu ampliar e coñecer realidades distintas e formas de traballar e entender a Educación Social dun xeito vivo e cercano.

A continuación expoñemos unha breve descrición das visitas realizadas:

Asociación Faraxa

FARAXA é unha Asociación non Gobernamental e sen ánimo de lucro, independente e de acción social. Está inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións e no Rexistro único de asociacións prestadoras de servizos sociais

da Xunta de Galicia, especializada no traballo con persoas en prostitución e vítimas de trata sexual.

É unha entidade social que traballa con mulleres prostituídas, e transexuais. A Asociación Faraxa traballa pola abolición da prostitución.

O obxectivos da asociación son:

- Combater, denunciar as causas e consecuencias que ocasiona o exercicio da prostitución, a trata e o tráfico de persoas, con fins de explotación sexual.
- Contribuír á erradicación de calquera forma de violencia contra as mulleres.
- Defender a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e os dereitos e a autonomía das mulleres.

O grupo é recibido na sede da Asociación pola súa directora Carmen Lago, muller comprometida e loitadora e a súa vez directa e cercana que tras presentarse e presentar a asociación onde traballa, relata unha descrición do pasado, presente e futuro da situación da prostitución na cidade de Vigo e como afecta ás persoas usuarias da asociación. Ela afirma que o 93% das persoas prostituídas proceden de vítima de trata. E este é un aspecto que hai que traballar moito, desde as administracións, para non permitir que esta situación de vulnerabilidade continúe a producirse. Que a persoa non fale o idioma pode ser un síntoma de exercicio da prostitución, esta falta de comunicación co exterior supón unha traba máis para as mulleres prostituídas. Carmen denuncia que existen moitas carencias no tema de tradución. Continua a charla comentando a sentenza pioneira na condea do proxeneta de orixe rumana coñecido como “Cabeza de Cerdo”. Non podemos tampouco perder de vista que é crucial a protección da Infancia, que vive unha situación de vulnerabilidade extrema ante ameazas familiares. Tamén é importante, continúa Carmen, que se poida traballar desde a propia universidade o tema da prostitución, porque comenta que non existe nos plans de estudos ningunha materia que de maneira específica aborde esta realidade.

Carmen explica que o persoal que traballa na entidade actualmente está conformado pola súa presidenta, e segundo o financiamento a asociación pode asumir a contratación temporal de 1 ou 2 profesionais. Na actualidade traballa unha integradora social e están pendentes de contratación dunha educadora social, tamén hai unha voluntaria educadora social.

A entidade dispón de 2 dispositivos: un centro de día e unha unidade móbil. As Educadoras e Educadores Sociais poderían realizar o acompañamento ás mulleres por unha mellora da súa situación vital e das condicións nas que se

realizan o seu traballo. Ademais desde FARAXA imparten diferentes formacións, sobre todo, aprendizaxe do idioma coas mulleres. Imparten tamén charlas en institutos para traballar a educación afectivo-sexual e a prevención da violencia sobre as mulleres e nos propios clubs onde as mulleres exercen a prostitución.

Para finalizar prodúcese un debate grupal no que se comentan as posibles medidas de mellora para esta entidade, que pasan por:

- Sanidade
- Alternativas
- Fontes de financiamento



Charla entre asistentes ó Encontro e Carmen Lago, directora de Faraxa

Centro de Inserción Social “Carmen Avendaño” C.I.S. de Vigo

Os centros de inserción social son establecementos penitenciarios destinados ó cumprimento de penas privativas de liberdade en réxime aberto, así como á execución e seguimento das penas e medidas alternativas á prisión (Traballos en beneficio da comunidade e suspensións e substitucións de condeas), así como tamén, ó seguimento dos liberados condicionais que se teñan adscritos.

O Centro de Inserción Social “Carmen Avendaño” foi inaugurado no ano 2006 e vai destinado a internos de réxime aberto. Leva o nome de Carmen Avendaño Otero, en recoñecemento ó traballo desenvolto durante anos en favor da reinserción e tratamento social das persoas drogodependentes e en risco de exclusión social, fundamentalmente desde a Fundación e Asociación Érguete.

Este centro da cabida a unha media de entre 150 e 180 persoas, clasificadas estas dentro das diferentes modalidades de vida de 3º grao e 2º art. 100.2 RP.

O grupo é recibido pola subdirectora do centro, a psicóloga e un coordinador. A súa directora comeza a charla explicando que a actividade penitenciaria nos Centros de Inserción Social ten por obxecto esencial potenciar as capacidades de inserción positiva que presenten as persoas internadas mediante o desenvolvemento de actividades e programas de tratamento destinados a favorecer a súa incorporación ó medio social.

Dende o CIS procúrase que as persoas realicen o maior número de actividades que poidan facer no exterior, asemellándose, dentro das limitacións legais, o máis posible, a un estilo de vida normalizado.

É o propio coordinador quen explica ó grupo que no centro non existen educadoras ou educadores sociais. Contémplase a figura do funcionario “educador” posto ó que se chega a través dun procedemento de concurso-oposición interno, e dicir, previamente a poder desenvolver o posto de “educador de IIPP”, tense que ser previamente funcionario do corpo de axudantes de IIP (grupo C de funcionarios do estado). Aquelas persoas que acaden a praza de “educadoras/es”, pertencerán o corpo Especial de funcionarios de IIPP (grupo A2). Non se require unha titulación específica para acceder a estes postos, pero como mínimo pídese estar en posesión do título de bacharelato, e superar o proceso selectivo, baseado en probas de coñecemento e méritos profesionais.

Nunha boa parte a categoría profesional de “educador de IIPP” corresponde ás funcións propias da Educadora e Educador Social.

O coordinador do CIS antes de chegar a desempeñar este posto de coordinación foi “educador” durante 15 anos. A súa titulación é licenciatura en Bioloxía, e refire que a preparación formativa que se imparte para desenvolver o posto de educador é escasa, xa que, a formación que recibiu, no seu momento, foi dunha semana no centro de estudos de IIPP e cada certo tempo de cursos de reciclaxe. Este profesional, está de acordo coa idea de recoñecer a utilidade que tería dentro do medio penitenciario a figura do profesional coa titulación e o desempeño propio de educadoras e educadores sociais, (acompañamento, mediación, programas de inserción, educativos..).

O grupo coincide coa opinión manifestada polo coordinador do centro en canto á necesidade de implantar medidas de mellora no centro:

- Incorporar a figura da educadora/or social no centro

- Mellorar a ratio de profesionais (o educador que está no CIS atende a 150-180 persoas)
- É unha demanda a nivel estatal



Asistentes ao encontro con responsables do Centro de Inserción Social de Vigo

Fundación Igual Arte

Entidade sen ánimo de lucro que nace no ano 2002; creada e formada por profesionais da educación e da arte.

A fundación Igual Arte é un espazo activo onde se traballa a arte con persoas con capacidades diferentes, entendendo que a arte é un dereito que nos pertence a todas/os, que conleva a maxia de expresar, comunicar, transmitir...

Esta Fundación nace co obxectivo de normalizar a arte no ámbito da discapacidade. Este medio favorece a integración, a normalización e contribúe á formación integral como persoa.

O grupo que acude á visita é recibido por Marcos Estevez, director do centro ocupacional artístico, e Cristina Lago presidenta da entidade e mestra de pedagogía Terapéutica. Comentan que esta fundación é a única entidade en España na que se traballan tres disciplinas: expresión musical, expresión teatro-corporal e expresión plástica. Podendo ofrecer unha formación integral e dependendo de cada caso unha especialización en determinados áreas.

A visita foi amena e interesante. Nela relatan como foi o proceso de formación e posta en marcha do proxecto así como a súa evolución e os obxectivos acadados e por conseguir. Houbo preguntas por parte do grupo que manifestaron a súa satisfacción por ter participado na experiencia. Houbo tamén postas en común sobre aspectos educativos e sociais.

O equipo profesional está formado por persoas do ámbito artístico, do ámbito educativo, e por suposto, sempre tendo en conta ás familias. Non existen Educadoras ou Educadores Sociais aínda que si contan desde o ano pasado cun convenio de prácticas coa Universidade de Vigo. Amosan moita satisfacción pola labor desenvolvida polo alumnado en prácticas de Educación Social, pola súa polivalencia e profesionalidade.

Tamén se comenta en grupo que de existir educadoras e educadores sociais no equipo, pola forma de traballar e polos contidos do proxecto, as funcións das/dos educadoras/es sociais serían variadas entre elas cabería destacar o acompañamento educativo, a mediación familiar e tamén, en función do perfil da educadora ou educador social, tamén no desenvolvemento artístico.

En xeral, desde Igual Arte comentan que sinten moita satisfacción por ter materializado un proxecto tan novidoso e valente, sen embargo como medidas de mellora apuntan o feito de procurar máis oportunidades ás persoas con capacidades diferentes: formación, mobilidade, laboral...



Asistentes ó encontro xunto con Marcos, director do centro ocupacional artístico

Doral Residencia

Doral residencia é unha entidade que ofrece servizos a persoas con discapacidade física e/ou intelectual e a persoas maiores, en modalidade de atención residencial e de atención diúrna dende o ano 2004.

É un centro especializado en ofrecer servizos sociosanitarios, preventivos e rehabilitadores, mediante unha atención integral e personalizada a persoas maiores autónomas ou con diferentes graos de dependencia física y/o psíquica.

A residencia atópase nun entorno privilexiado ás aforas da cidade de Vigo, rodeado de zonas axardinadas e dunha zona boscosa no exterior. O grupo é recibido por dúas educadoras sociais traballadoras da entidade. Explican, mentres se leva a cabo unha visita guiada polas instalacións que desde Doral tratan a persoas autónomas e a persoas que presenten diferentes graos de dependencia, mellorando a calidade de vida das persoas usuarias e das súas familias, brindando unha adecuada cobertura ás súas necesidades biopsicosociais.

Doral é unha residencia de persoas maiores e persoas con discapacidade, situada en plena natureza, que conta cun amplo Equipo Interdisciplinario, altamente cualificado, que seguindo a Metodoloxía de Atención Centrada na Persoa, traballan en diferentes ámbitos de intervención: psicoloxía, traballo social, terapia ocupacional, fisioterapia.

Na actualidade, en Doral hai traballando **3 educadoras sociais** (2 para residencia de maiores e 1 para o centro de persoas con discapacidade). A Dirección do centro xa solicitara hai anos un escrito sobre as funcións da educación social con persoas maiores xa que a súa intención dende os inicios foi a creación de equipos multidisciplinares.

As educadoras sociais traballan no ámbito da animación social. Realizan obradoiros para estimular capacidades individuais, favorecer as relacións sociais dentro do centro e realización de actividades co obxecto de facer partícipes ás familias.

As educadoras sociais valoran que as medidas que poderían mellorar a situación das persoas é remarcar o cariz pedagóxico do seu traballo, as actividades teñen unha base metodolóxica, non só meras actividades lúdicas.



Asistentes ó Encontro son recibidas/os por Montse e Rebeca, educadoras sociais en Doral Residencia

